



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 31 de agosto de 2018**

**ASISTENTES:  
Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e sete minutos do día trinta e un de agosto de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(954).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(955).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN RECURSO REPOSICIÓN NO  
“PROXECTO DE REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO  
URBANO DA GRAN VÍA, ENTRE RÚA MARÍA BERDIALES E RÚA VENEZUELA”.  
EXPTE. 3827/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 31/08/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de Fomento, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado polo concelleiro delegado de Área de Fomento, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno local, en sesión extraordinaria e urxente do 28 de xuño de 2018, acordou “Aprobar o proxecto de execución de “REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA - ENTRE A RÚA MARÍA BERDIALES E A RÚA VENEZUELA-” redactado polo equipo técnico de ICEACSA CONSULTORES S.L.U e asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCO MILLÓNS CENTO OITENTA E NOVE MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (5.189.862,99 € EUROS)”.

Previamente a Xunta de Goberno local, en sesión do 26 de xuño, acordara renunciar á contratación das obras dun anterior proxecto mais amplo, dende a rúa Lepanto ata a rúa Nicaragua, aprobado en febreiro de 2018, ante a constancia dunha serie de discrepancias entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo sobre a a preceptividade dunha autorización sectorial, e cuia resolución suporía unha demora no desenvolvemento das actuacións do proxecto.

En data 1 de agosto de 2018, Segismundo García de la Puerta, Ana García Román, Manuel Míguez Senra, Gabriela Lago Suárez-Llanos e Mercedes Suárez-Llanos Gómez, presentan escrito con idéntico contido, docs. núms. 180128716, 180128719, 180128721, 180128729 e 180128733 respectivamente, solicitando a anulación do proxecto de REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA - ENTRE A RÚA MARÍA BERDIALES E A RÚA VENEZUELA

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I.- Normativa consultada

- Constitución española de 1978
- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 14/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar do Concello de Vigo
- Plan xeral de ordenación municipal de 1993
- Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020
- Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro pola que se convoca a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado



## Concello de Vigo

### II.-Calificación dos escritos presentados

O artigo 112 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común, permite ós interesados interpor recurso potestativo de reposición contra ás resolucións dos procedementos, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da mesma. A aprobación do proxecto de REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA - ENTRE A RÚA MARÍA BERDIALES E A RÚA VENEZUELA culmina o seu procedemento de tramitación, polo que pode ser recorrido como acto administrativo que pon fin ó mesmo, artigo 114.1 da citada norma.

En todo caso, o apartado segundo do art 115 expresa que a ausencia de calificación do recurso por parte do recurrente, tal é o caso, non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.

### III.- Requisitos formais na interposición do recurso

O recurso expresa os datos referidos no apartado 1 do art 115 e ten sido interposto no prazo dun mes a contar dende a data na que se presume que os recurrentes tiveron acceso ó proxecto, 5 de xullo de 2018, á vista das consideracións recollidas nos escritos de impugnación.

### IV.- Fundamentos do recurso interposto

Dada a natureza revisora dos recursos administrativos, é requisito imprescindible para poder deducir este recurso, que o actos ou resolución aprobatoria do proxecto incorra en determinadas irregularidades. En concreto, a lei esixe que se dea algún dos motivos de nulidade ou anulabilidade regulamentados nos artigos 47 e 48 LPACAP.

Os recurrentes, basicamente fundamentan o recurso en diversas infraccións do ordenamento xurídico, aínda que dunha forma bastante imprecisa.

En resumo, os fundamentos que xustificarían o recurso serían os seguintes:

- Apartado terceiro, insuficiencia de xustificación técnica da viabilidade do proxecto, á vista do informe do enxeñeiro xefe de Vías e Obras de data 08.06.18
- No mesmo expoñendo terceiro, aluden á obrigatoriedade de conservación do arborado segundo PEEC e PXOM 1993, calificando de “sospeitosa” a calificación de “mal estado” das árbores do boulevard.
- Apartado cuarto, incremento de edificabilidade mediante unhas construcións na zona destinada a vía pública dentro do PEEC, que “non permite nin kioscos”, citando ademais que o Plan especial, obriga a recuar 10 metros das zonas verdes a calquer edificación. Como fundamento xurídico cita o apartado 8 das Normas urbanísticas PEEC, apartado “q”, que limita a instalación nas beirarrúas e áreas peonalizadas, de mobiliario urbano, e prohibindo a ocupación privativa das beirarrúas. Conclúe que a estaría prohibida a cuberta que se proxecta para “estancias ou estancias habitacionais”.
- No apartado quinto, seguindo coa calificación de edificación para a infraestrutura , indica que supera a altura máxima de tres metros que para as plantas baixas establece o PXOM.

Limítanse a afirmar sen xustificación algunha, que as ramplas rompen a sintonía da rúa, non se xustifican por razóns de accesibilidade, e semella que terían a aquiescencia dos impugantes de se manter o arborado e retirar a cubrición, pois aportan fo-

tografías doutros elementos de itinerancia que califican de “discretos” e “adaptados ao contorno”.

- No apartado que numeran como quinto, en realidade sexto, cuestionan a tramitación do proxecto por incompleta, por falta xustificación urbanística e de conservación do patrimonio histórico, e manifestan incompetencia do técnico informante, para acabar denunciando a comisión dunha infracción urbanística moi grave, artigo 158.2 LSG, en canto se estaría a ocupar un espacio libre con infracción das normas de uso e edificación, entendemos que as referidas nos dous apartados anteriores
- O apartado sétimo, límitase a narrar a falta de xustificación da reforma da Avda. Gran Vía, critican a reforma por “diferente” e conclúen cunha proclama sobre a ilegalidade da actuación, que se resumiría na creación dunha nova edificabilidade, o destrozo de árbores, e a innecesariedade do proxecto, cando a accesibilidade estaría garantida a través da rampa “sen construción”

O apartado segundo alude á interferencia dun anterior proxecto tamén cuestionado por al menos parte dos recurrentes, pero cuxa resolución pola que o Concello ven a renunciar a súa tramitación, non se recorre finalmente polos interesados, e que por outra parte non ten maior virtualidade, pois se trata doutro expediente, doutro proxecto, doutro procedemento (en concreto de contratación) doutro ámbito, e que polas razóns sinaladas nos antecedentes o Concello de Vigo renuncia a tramitar.

## V.- Estudio e avaliación do recurso presentado

### V.1.- Sobre o proxecto que se recorre

Con carácter previo ó estudio do recurso debemos resumir o fundamento, contido e obxectivos do novo proxecto, a executar nunha parte da Gran Vía de Vigo, en concreto entre as rúas María Berdiales e Venezuela. O proxecto, redactado polo equipo técnico da mercantil ICEACSA CONSULTORES S.L.U e asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCO MILLÓNS CENTO OITENTA E NOVE MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (5.189.862,99 € EUROS).

#### V.1.1 Fundamentación do proxecto

O proxecto está baseado no previo documento “asistencia técnica para o deseño e a xestión de espazo público na redacción do anteproxecto de remodelación e rehabilitación do entorno urbano entre plaza España e rúa Lepanto” realizado polo arquitecto Alfonso Penela Fernández .

O proxecto está planificado no marco das actuacións que teñan a consideración de “gasto subvencionable”, dentro de diferentes liñas de actuación da **Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable (EDUSI) Vigo-Vertical** que o Concello presentou e que foi aprobada con data 14 de decembro de 2016 pola Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Creceemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro.

Esta cofinanciación implica unha concesión dunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) por un valor de 15.000.000 € (80% do orzamento total) que ten como obxectivo a realización de operacións de impulso e transformación da área seleccio-



## Concello de Vigo

nada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

O proxecto de "*Rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran vía entre a Rúa María Berdiales e a Rúa Venezuela*" no marco da EDUSI Vigo-Vertical contribúe a favorecer a transición a unha economía baixa en carbono e a unha maior protección do medio ambiente, así como a unha mellor calidade de vida da cidadanía. Trátase de mellorar a mobilidade urbana desde un enfoque sustentable, desenvolvendo actuacións dirixidas a minimizar a accidentada orografía da zona de actuación e facilitando así a comunicación entre diferentes vías ou zonas urbanas xerando unha sinerxía na mobilidade xeral da contorna de actuación. Facilita, ademais, a revitalización e impulso das zona de actuación cunha redución dos índices de contaminación ambiental e acústica, a través da eliminación de barreiras e o consecuente aumento dos/as usuarios/as peonís na contorna sobre a que se vai a actuar. É importante, así mesmo sinalar que o incremento do tráfico peonil facilitará e impulsará a posta en valor dos diferentes elementos urbanos emblemáticos existentes na área de actuación.

O desenvolvemento da mesma atopase enmarcada dentro dos seguintes "obxectivos temáticos OT" e das seguintes "liñas de actuación LA":

Obxectivo Temático 4: PROMOVER A ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO NA AREA:

Liñas de Actuación:

- Posta en marcha de estratexias de mobilidade multimodal a través de elementos mecánicos e infraestruturas sustentables.
- Mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas, equipamentos e servizos públicos
- Incorporación de elementos para captación de Enerxía solar, eólica e xeotérmica para abastecer redes municipais..

Obxectivo Temático 6: CONSERVAR O MEDIO AMBIENTE E IMPULSAR A EFICIENCIA DOS RECURSOS:

Liñas de Actuación:

- Creación de rutas en ámbitos históricos, artísticos culturais con fomento do uso peonil e ciclista.
- Posta en marcha dun plan de zonas verdes para Vigo.
- Reordenación e regulación do viario urbano con potenciación do transporte público, peonil e bicicletas.

O desenvolvemento deste proxecto, atopase vinculado a planificación de execución e de cumprimento de obxectivos de execución propostos para o período 2018/2019.

V.1.2.- Contido do proxecto.

A memoria do mesmo, paxs. 4 e ss. describe o estado actual da Gran Vía, área que va configurando a sección que ten actualmente a partires de 1938. A Gran Vía tivo dende os seus orixes unha sección de boulevard formada por beirarúas arboradas e un espacio central axardinado delimitado por ringleiras de árbores e parterres nas bierarúas, con espazos de estancia donde se ensancha o paseo. Dende o año de construción- acabado da Gran Vía (entre 1939- 1945) ata a actualidade tanto a Gran vía como su entorno teñen cambiado en-

tre outras razóns pola ubicación en Gran vía dunha grande área comercial, a futura construción da Cidade da Xustiza e a intermodal de Vigo. É dicir a forma de “habitar” usar a cidade ten variado, ampliándose o centro da cidade hasta a área de Gran vía sendo unha prolongación da rúa Príncipe e inmediacións, co incremento do tráfico peonil, aumentando a carga de uso peonil coa “comercialización” da rúa.

O obxectivo principal da actuación é a peonalización de Gran vía, favorecer o uso da cidade polo peón.

A páxina 4 da memoria analiza o recorrido peonil:

“...el recorrido peatonal se puede realizar por las aceras pegadas a las edificaciones o por la parte central, el recorrido del peatón que va de tiendas (mirando escaparates) se realizará lógicamente por las aceras pegadas a las edificaciones mientras que el recorrido del peatón que va puntualmente a una tienda, a un banco o al Corte inglés se realizará preferentemente por la zona central ya que la afluencia de personas es menos (no hay personas paradas mirando escaparates...) y por lo tanto es más rápida la llegada a su destino. Es importante destacar que en la calle Urzaiz existe un aparcamiento subterráneo y la salida peatonal desde el aparcamiento se produce por el eje central de la calle “el boulevard”.

Ese recorrido peatonal no es continuo, se encuentra sujeto a las intersecciones con todos los viales que acometen a la calle, regulándose el tráfico peatonal en función del tráfico de vehículos. Es reseñable que la zona de actuación con una longitud de aproximadamente 225m existan cuatro calles que atraviesan la Gran vía en toda su sección viaria; por lo que el peatón no puede realizar una circulación lineal por la zona central sin tener que atravesar a las aceras laterales, como se muestra en el siguiente esquema, lo que provoca que la zona central quede en desuso.



Recorrido Peatonal- Cruce calle María Berdales con Gran Vía      Cruces en Gran Vía

Como se puede apreciar en la última foto a veces el boulevard central se queda sin paso peatonal tanto transversal como longitudinal, obligando al peatón a ir marcha atrás para poder cruzar.




## Concello de Vigo

Si a esto se une la problemática de la topografía con una fuerte pendiente que oscila desde el 7% hasta el 9,20% con una pendiente media del 8,5%, salvando una diferencia de nivel que va desde la cota 46,91m en el cruce de la calle Urzaiz con rúa Lepanto hasta la cota 96.61 de Plaza España, con un total de casi 50m de desnivel salvado. Provocando que la Gran Vía tenga un gran peso del tráfico rodado ya que la configuración actual de la calle no garantiza un recorrido peatonal confortable y continuo....”

Analiza asemade o transporte público, “...A lo largo de la Gran vía existen varias paradas de autobús con marquesinas, actualmente el bus circula por cualquiera de los carriles existentes no estando habilitado ningún carril para su circulación, las paradas del autobús se realizan en el propio carril...”

Manifiesta a problemática das actividades de cargas e descarga, proceso que se desenvolve coa ocupación dun dos carrís de circulación. Detalla ademais o desorden en canto ó mobiliario e sinalética: “... La parte central de cada uno de los espacios continuos del boulevard, se ensancha (cortando los parterres existentes en los extremos) para crear un espacio estancial con cuatro bancos en cada esquina. Los únicos espacios para sentarse existentes a lo largo del ámbito de actuación son los que existen en este paseo central, existiendo cuatro en cada una de las” isletas” del paseo central.

Ejemplo de bancos en el paseo central de la Gran Vía



En este paseo central están colocados de forma desordenada y sin una estética similar sistemas de cartelería, papeleras, luminarias.

El límite entre la acera y la calzada (dentro de la acera) es invadido por señales, papeleras, contenedores... sin un orden claro y una estética que provoque que no se vea la Gran vía como un todo continuo.

En canto ó arborado, o Anexo 8 de ordenación ecolóxica e paisaxística, detalla o estado de cada un dos árbores do ámbito.

Analízase por último o estado dos servizos urbanos de electricidade, gas, telefonía, abateceamento e saneamento, alumeadado e rede semaforica.

### V.1.3.- Obxectivos do proxecto.

Recóllense na memoria do proxecto aprobado, pxs. 12 e ss:

El objeto principal de este proyecto se centra en resolver en el marco de un proyecto de obra, el desarrollo del siguiente conjunto de operaciones transversales:

- **Incorporación de elementos de transporte mecánico** que favorezcan la movilidad peatonal en un entorno urbano con gran desnivel: se creará una nueva posibilidad de movilidad y accesibilidad sin negar la identidad histórica del entorno. Para eso aprovechando la posibilidad del infrautilizado bulevar central, se introduce un recorrido alternativo mecanizado, mediante rampas transportadoras. El ancho del paseo debe garantizar la colocación de pasarelas mecánicas en sentido ascendente. Los elementos mecanizados se cubrirán con una cobertura acristalada de vidrio que garantice la protección en los días de lluvia. Esta protección se formará mediante sucesión de cuadernas desfasadas que reforzarán la visualización del recorrido y enriquecerán la imagen final del conjunto.

El ayuntamiento de Vigo plantea con esta línea de actuación la incorporación de elementos mecánicos de transporte vertical como rampas mecánicas que faciliten el recorrido peatonal en una vía con una pendiente aproximada de un 9%, facilitando el tránsito peatonal a los usuarios, a lo largo de toda la extensión del área de intervención.

Asimismo, también se pretende facilitar la comunicación entre sí de las diferentes vías e infraestructuras de transporte habituales: corredores peatonales, ciclistas, carriles bus o circulación rodada en vehículos privados lo cual provocará una sinergia en la movilidad general del entorno, al poner en comunicación entornos, equipamientos y vías que favorecerán la movilidad sostenible.

Los objetivos principales son:

- ✓ Mejorar la movilidad urbana, principalmente de las personas de la tercera edad o con algún tipo de discapacidad, favoreciendo la intermodalidad de ésta.
- ✓ Revitalizar la movilidad sostenible en el área de intervención y permitir reducir los índices de contaminación ambiental y acústica.
- ✓ Revitalizar e impulsar la zona centro desde un punto de vista medioambiental y el aumento de los usuarios peatonales en el entorno.

- **Mejora eficiencia energética de las infraestructuras, equipamientos:** El ayuntamiento de Vigo plantea con esta línea de actuación continuar con estrategias que permitan reducir el índice de fugas con el consiguiente ahorro de consumo de agua y mejora de la eficiencia energética, implantación de sistemas que además de reducir el caudal fugado permitan reducir considerablemente el gasto energético en la depuración de aguas fecales, ya que se separan de éstas la aportación de aguas pluviales con tratamientos mucho más eficientes antes del vertido al mar y colocación de pavimentos superficiales ecológicos con ahorro energético en la fabricación (uso de materiales reciclados) y en la ejecución, que reducen contaminación durante la vida útil o que reducen costes energéticos en el mantenimiento.

Los objetivos principales son:

- ✓ Mejorar la habitabilidad en el área de intervención mediante el uso eficiente de los recursos y energías que permitirá reducir los índices de contaminación ambiental y acústica.
- ✓ Revitalizar e impulsar la zona centro desde un punto de vista medioambiental.
- ✓ Mejorar la eficiencia y optimización de la gestión de la energía, reduciendo y distribuyendo inteligentemente su uso.

- **Instalación de elementos de captación de energía solar para autoabastecimiento:** El ayuntamiento de Vigo, ha llevado a cabo multitud de actuaciones de implantación de elementos de energías renovables y plantea con esta línea de actuación continuar con la mejora de la eficiencia y optimización de la gestión de la energía, reduciendo los costes





## Concello de Vigo

energéticos y las emisiones contaminantes, lo que permitirá la mejora en la habitabilidad de vecinos y usuarios del entorno.

Los objetivos principales son:

- ✓ Mejorar la habitabilidad en el área de intervención mediante el uso eficiente de los recursos y energías que permitirá reducir los índices de contaminación ambiental y acústica.
- ✓ Fomentar la eficiencia y optimizar la gestión inteligente de la energía.
- ✓ Revitalizar e impulsar la zona centro de Vigo desde un punto de vista medioambiental.

• **Creación de rutas en ámbitos históricos, artísticos culturales con el fomento del uso peatonal y ciclista:** El Ayuntamiento de Vigo plantea con esta línea de actuación la creación de diferentes rutas turísticas, culturales, históricas, artísticas que pongan en valor a la ciudad en los diferentes ámbitos, y que a su vez fomenten la movilidad peatonal y en bicicleta por esas circulaciones. Incluye la potenciación de la simbología, la señalización generando una experiencia nueva que amplíe el conocimiento de ciudad no solo para los turistas de paso sino para los propios usuarios comunes que genere el aumento del hábito del paseo por las calles de la ciudad.

Esto permitirá así mismo la revitalización de ciertos barrios a través de la continuidad urbana que plantearán las actuaciones, así como la mejora de la movilidad sostenible en el área de intervención lo cual ayudará a reducir los índices de contaminación ambiental y acústica.

Los objetivos principales son:

- ✓ Promocionar los activos turísticos y culturales de la ciudad y revitalizar la movilidad sostenible en el área de intervención.
- ✓ Favorecer la revitalización de barrios a través de la continuidad urbana y desarrollar y poner en valor de los diferentes elementos urbanos emblemáticos del área de actuación.
- ✓ Implantar estrategias que impulsen una movilidad sostenible en el centro de Vigo.

• **Creación de nuevas zonas verdes:** El ayuntamiento de Vigo ha llevado a cabo multitud de actuaciones de mejora de zonas verdes a lo largo de los últimos años y plantea con esta línea de actuación continuar con el aumento zonas peatonales y disminución de superficie viales, incorporación de jardineras y zonas verdes estanciales en sobreechancos y rincones con encanto con prioridad de elementos vegetales y materiales blandos que sirvan de aislamiento visual de la pavimentación “dura” de uso de tráfico.

Se aumenta la superficie de zonas verdes, que en la actualidad son 530 m<sup>2</sup>, a una superficie aproximada total de 835m<sup>2</sup>.

Todas estas medidas están ya redundando y lo seguirán realizando en los próximos años en la mejora de la habitabilidad de vecinos y usuarios del entorno y en la mejora de la movilidad sostenible en el área de intervención lo cual ayudará a reducir los índices de contaminación ambiental y acústica.

Los objetivos principales son:

- ✓ Implantar estrategias que impulsen una movilidad sostenible en el centro de Vigo, con la generación de nuevos polos de atracción urbanos verdes.
- ✓ Revitalizar la habitabilidad y la movilidad sostenible en el área de intervención permitiendo reducir los índices de contaminación ambiental y acústica.
- ✓ Aumentar los usuarios peatonales en el entorno favoreciendo la revitalización del área y el aumento de los usos peatonales.

• **Reordenación y regulación del viario urbano con potenciación del transporte público, peatonal y bicicletas :** La movilidad urbana se destaca como la principal problemática a

atajar en los próximos años en la ciudad de Vigo, esto sumado al aumento de la presión ambiental en las zonas más densamente pobladas y el incremento de los índices de contaminación ambiental y acústica en el área de intervención, aconsejan la reducción de la intensidad circulatoria motorizada, mediante la reordenación y regulación del viario urbano priorizando y facilitando el transporte público, peatonal y bicicletas en infraestructuras ya existentes, de modo que se facilite la movilidad peatonal y ciclista.

El ayuntamiento de Vigo plantea con esta línea de actuación la mejora de la ordenación urbana priorizando los transportes ecológicos, con ampliación de ámbitos de circulación peatonal, reducción de velocidad en viales y mejora de la regulación, señalización y balizamiento.

Todas estas medidas están ya redundando y lo seguirán realizando en los próximos años en la mejora de la habitabilidad de vecinos y usuarios del entorno y en la mejora de la movilidad sostenible en el área de intervención, mediante la reducción del parque móvil motorizado en los principales viales del área de actuación, lo cual ayudará a reducir los índices de contaminación ambiental y acústica.

Los objetivos principales son:

- ✓ Revitalizar la habitabilidad y la movilidad sostenible en el área de intervención.
- ✓ Aumentar los usuarios peatonales en el entorno que favorecerá la revitalización del área.
- ✓ Implantar estrategias que impulsen una movilidad sostenible en el centro de Vigo.

## **V.2 Análise sobre o recurso presentado**

### V.2.1 Informe técnico

En data 28.08.18, o xefe da oficina municipal de proxectos emite o seguinte informe que literalmente se transcribe en relación ao recurso de reposición:

*“Dende o aspecto urbanístico no que solicitan aclaracións, a este efectos nos apartados cuarto e quinto de dita alegación.*

*Ponse de manifesto os seguintes aspectos. No proxecto no anexo 3 efectuase unha xustificación do cumprimento da normativa que de aplicación, e tamén neste aspecto no informe de supervisión de data efectuase unha breve descrición e xustificación do cumprimento da normativa o que se transcribe a seguir.*

*“Como ampliación ao anexo 3 do proxecto indicase neste informe as condicións no que respecta as condicións urbanísticas. Tendo en conta que neste momento e de aplicación o PXOU/93, segundo dito planeamento a illa definida como 2, atopase no tramo de vial, que esta dentro do ámbito do PEEC ( Plan Especial e Catalogo complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a conservar en Vigo) sito entre os cuarteiróns subindo a marxe dereita co nº 85 e no marxe esquerdo cos nº 86 e 87, ditos cuarteiróns están cualificados como Edificación Pechada de dito Plan Especial, tipoloxía de edificación en maza pechada. A illa definida como Illa 1, parte dela atopase dentro do ámbito do PEEC, que linda subindo a man dereita coa maza nº 94, dispón da mesma cualificación que as anteriores e o resto esta fora da delimitación do Plan Especial. En todos os casos aquí definidos o espazo sobre*



## Concello de Vigo

*o que se actúa atopase no ámbito que cualifica o PXOU/93 de solo urbano consolidado. Sendo dito espazo que propón ordenar un vial de uso público, e as súas alineacións son coincidentes cos planos de desenrolo do PXOU, fixando as únicas condicións as determinadas no apartado 3.2.3.2, e un vial "tipo IV", no que se fixa tamén que se terán en conta as determinacións do art. 3.9 do PXOU/93, o que sinala dito planeamento que un dos obxectivos sobre a conservación, e mantelo o uso público, reordenándoas para unha mellora na súa funcionalidade. Polo que debe de entenderse que a proposta presentada como así sinala no anexo 3 e unha mellora tanto funcional como de integración, de dita zona, polo que estaría axustada as ordenanzas."*

*Inda así e para mellor comprensión neste informe tratase de efectuar resposta aos puntos que se consideran de mais interese a efectos de planeamento urbanístico, así como a súa xustificación. Así temos, con respecto ao:*

***.- Concepto de edificabilidade a non existencia do seu calculo.***

*No apartado Cuarto do escrito presentado, faise por parte do solicitado unha lectura como si se estivese construíndo un edificio en zoa de uso público, indicando conceptos como edificabilidade e que a tipoloxía de construción proposta xenera estancias habitacionais etc.*

*Entendo que este concepto e totalmente erróneo, xa que se trata claramente dunha obra en espazo público e para uso público, en ningún momento existe aproveitamento lucrativo, como así determina a lei do solo de Galicia, no seu art. 41, que determina a forma de calculo de aproveitamento. Téñase tamén como exemplo as previsións que se realizan en planeamentos secundarios como ( PERIS Calvario, Hispanidade, Rosalía de Castro entre outros,) que claramente exclúen do aproveitamento urbanístico lucrativo os espazos porticados para uso público. A súa vez a configuración que se propón de rampla mecánica con elemento de cubricación no e tipoloxicamente nin xenera en ningún momento estancias habitacionais xa que esta moi lexos de poder semellarse e utilizarse como usos de tipoloxía residencial ou similar. Inda que non corresponde a este mesmo suposto, a propia lei no art. 42 no seu apartado 5º, sinala que incluso nos espazos de equipamento permítese o cambio sempre que siga sendo de utilidade pública, sen necesidade de modificar o planeamento actual.*

*Polo tanto, en consecuencia como así determina a propia lei, o non existir aproveitamento urbanístico, lucrativo non da lugar a efectuar ningún calculo de aproveitamento urbanístico (ou edificabilidade), e por ese motivo non efectúa ningún calculo xa que non ten sentido.*

***:- Concepto de acabados de materiais***

*No referente a este concepto respetase o uso que permiten as ordenanzas do PEEC, para o elemento que se atopa na súa delimitación como e a marquesiña no que se utiliza o vidro e elementos metálicos co cor que e autorizado por las ordenanzas art. 8.2. e seguintes*

***:- Concepto de altura para a planta baixa***

No apartado 5 falase dunha altura existente nas plantas baixas de uns 3 m, polo que se indica que a altura das cerchas e cubrición alcanzaría aos primeiros pisos, dito aspecto esta indicado no anexo 3 do proxecto no que se reflexa a proxección da marquesiña sobre edificios colindantes, no que se aprecia que non existen unha invasión da primeiras plantas en altura. Independentemente da distancia dende os edificios a marquesiña proposta de cubrición das ramplas mecánicas.

***.- Concepto de aplicación da ordenanza “ ZONAS VERDES” Ord. 3.1.***

Na documentación do PEEC existe un plano que determina e define e delimita onde e de aplicación a ordenanza 3.1 de zonas verdes e libres, e o tramo de calle obxecto do proxecto que se ubica dentro deste planta especial, non dispón desta calificación, polo tanto no se lle pode aplicar algo que non esta previsto no planeamento, como tampouco no catalogo complementario non esta nomeado ningún tipo de protección o denominado bulevar de Gran Vía, polo que non cabe aplicar dita ordenanza nin existe grado de protección para o mesmo, polo que a mellora de accesibilidade e zona de encontro con marquesiña proposta non contradí neste aspecto a normativa.

***.- Concepto de renovación de masa arbórea.***

No anexo 8 do proxecto efectuase un estudio de especies arbóreas que se atopan en estado que require en algúns casos a súa tala en outros o transplante, así como unha renovación de especies que se acompaña a ficha técnica correspondente, recollendo o que esta proposto de xardinería tanto de plantación baixa, arborado e axardinamento vertical nos planos nº 12 ata 12.5, que a súa vez e un concepto distinto ao existente, e unha nova proposta de crear espazos con elementos vexetais. No planeamento actual non constan nin tipo arbórea sita nesta zona que dispoña de ningún tipo de catalogación.

***.- Concepto do apartado q, do punto 8 das ordenanzas do PEEC.***

A parte da pasarela cuberta que prevese en zona que esta baixo a delimitación do PEEC, en ningún momento incumpre dito artigo, polos seguintes conceptos;

*.- En ningún momento se impide o paso, relación e esparcemento, concepto que figura o primeiro parágrafo de dito artigo, xa que se promove e potencia o uso público de dita zona, cuberta ou descuberta, co seus correspondentes itinerarios, recollidos nos planos do proxecto.*

*.- Non se xenera ningún tipo de barreira arquitectónica, se xustifica o cumprimento da lei 14/2010 da Xunta de Galicia e decreto 35/2000 e orden de vivenda 561/2010, como así se xustifica no anexo 15 do proxecto, dando cumprimento a dita normativa, e incluso se mellora a accesibilidade o crear ramplas mecánicas que cumpren condicións co acceso.*

*.- No paragrafo terceiro de dito apartado, indicase que non se consentira colocar mas que o previsto mobiliario urbano, arborado e sinalización de transporte urbano. No proxecto se plantexa unhas ramplas mecánicas coa corresponde decoración e acabado exterior para permitir o paso e xenerar zonas de relación entre persoas, elemento que constitúe autenticamente o que e un mobiliario urbano (concepto que non solo pode abarcar a papeleiras, bancos etc, senón auténticos elementos que son de xenerar convivencia entre os cidadáns, tanto de paseo como encontros de persoas, disfrutando de espazo público. En*



## Concello de Vigo

*ningún momento no proxecto prevese ningún tipo de uso privativo de dita zona (kioscos, publicidade comercial, etc).*

*.- No cuarto paragrafo, fala a ordenanza de que en beirarrúas superiores a 4 m., poderán autorizarse a colocación de mesas e cadeiras para terrazas de bares, cafeterías, etc., existentes na zona. No proxecto non se contempla en ningún momento este tipo de situacións.*

**.- Con carácter xeral tense en conta os aspectos que determina o apartado 3.2.3.2**

*NORMAS COMÚNS SOBRE DESEÑO E CALIDADE DAS URBANIZACIÓNS”, que independentemente das condicións que determina para as novas urbanizacións que non e caso, ademais das previsións de calculo de saneamento e abastecemento, rego, etc., que se propoñen no proxecto. No apartado e de este artigo das ordenanzas municipais fala que deberá de preverse a ubicación de mobiliario, e ningún momento fixa a limitación no aspecto máximo.*

*“Deberase prevé-la situación nos espazos libres do mobiliario urbano estandarizado-buzóns de correo, cabinas telefónicas, etc- e dos usos que se poidan permitir nestes espazos -áreas de xogo e recreo para nenos, espectáculos ó aire libre, bares, pequenos postos de venda de flores, xornais, etc. Así mesmo, deberanse definilos elementos de mobiliario urbano que se instalen - cerramentos, papeleiras, bancos- e dos elementos singulares que se propoñen -monumentos, esculturas, fontes- e do tratamento das superficies de terreo -pavimentacións, itinerarios peonais, escalinatas, muros de contención, etc-. Os elementos de mobiliario urbano non estandarizados singulares que se propoñan e o tratamento do terreo, deberán ser previamente aprobados polo Concello para as zonas verdes de uso público”*

*Todos estes aspectos se recollen na proposta do proxecto que foi obxecto de estudio e aprobado en sesión de Xunta de Goberno Local de data 28/06/2018. de **“REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA ENTRE OS ENTRONQUES COA RÚAS BRASIL E M<sup>a</sup> BERDIALES COA RÚA VENEZUELA”**.*

*Dende esta oficina e como así consta no informe de supervisión do proxecto,o mesmo non contradí en ningún momento no aspecto urbanístico tanto a normativa municipal, como a lei do solo de Galicia.”*

### V.2.1 Informe xurídico

En canto ás infraccións normativas que o recurso recolle e cuio resume figura no apartado IV destes FUNDAMENTOS,cómpre sinalar

- Respeto á insuficiencia técnica da viabilidade do proxecto, e competencia dos técnicos municipais, á vista do informe do enxeñeiro xefe de Vías e obras, sinalar que o proxecto ten sido redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro e participado polo seguinte equipo multidisciplinar de profesionais :

*Laura Garrido Fernández, Arquitecta. Especialista en Arquitectura Urbana*  
*Carlos Martínez Bustelo, Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos. Especialista en instalaciones urbanas*  
*Arancha Ruiz Alarcón, Ingeniera de Caminos, Canales y Puertos. Especialista Saneamiento-Abastecimiento*  
*David Cota Mascuñana, Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos. Especialista en Movilidad/Tráfico*  
*Jorge Prieto Sevilla, Ingeniero Agrónomo. Especialista en Paisajismo-Jardinería*  
*Hadrián Arias Durán, Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos. Estructuras*  
*Juan Iglesias Antelo, Arquitecto Técnico. Presupuestos y Pliego*  
*Marta Rodríguez Yanes, Ingeniera de Caminos, Canales y Puertos. Especialista en Trazado y Pavimentación*  
*Carlos Naveira Pardo, Ingeniero Técnico Industrial. Especialista instalaciones electromecánicas y alumbrado*  
*Pedro Martínez Graña, Ingeniero Técnico Informático. Especialista TIC*  
*Cecilia Llahues Abruñeiras, Ingeniera Química. Especialista Medioambiente*  
*Maximino García Sánchez, Ingeniero Técnico Industrial. Seguridad y Salud*  
*Emilio López Prado, Auxiliar Topógrafo. Especialista en Topografía*  
*Javier Villaverde Gómez, Delineante. Especialista en Delineación/GIS*

A Orde CIN/309/2009, de 9 de febreiro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercizo da profesión de Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, contén as capacidades e coñecementos que se adquiren co cursado da titulación, e que se resumen en asesoría, análise, deseño, cálculo, proxecto, planificación, dirección, xestión, construción, mantemento, conservación i explotación nos campos da enxeñería civil, das infraestructuras e as obras públicas, así como dos aspectos medioambientais relacionados coas mesmas.

Xa que logo o autor ten capacidade legal dabondo para redactar o proxecto de reforma dunha vía pública, sendo responsable das solucións técnicas específicas, cálculos dimensionais, cumprimento de normativa vixente, en definitiva, a viabilidade do proxecto, certificando o Concello de Vigo que estamos ante un proxecto completo, que toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, e que responde ás esixencias municipais, segundo informes técnicos de datas 08.06.18 e 19.06.18 e obrantes no expediente.

- En canto á obrigatoriedade de conservar o arborado, segundo planeamento urbanístico de Vigo, sinalar que se descoñece tal limitación: nin o Plan xeral de ordenación municipal de 1988, nin o PEEC, nin en xeral a lexislación urbanística protexen o arborado do ámbito; asemade, ningún exemplar ou especie está recollido no Catálogo de árbores senlleiras da Xunta de Galicia. O Anexo 8 do proxecto contén un estudio pormenorizado da plantación, xustificando as diversas accións silvícolas a acometer.



## Concello de Vigo

- Respecto á infracción do apartado 8 das Normas urbanísticas do PEEC, en canto que a cuberta proxectada implica incremento da edificabilidade máxima permitida, ademais da aclaración sentada polo técnico municipal no seu informe a este recurso, sinalar que os recurrentes incurren nun erro ó asimilar unha infraestrutura destinada á comunicación e transporte rodado de persoas e mercadorías, rampla mecánica, cunha construción/edificación: o apartado 8 NNUU do PEEC contén as normas urbanísticas xerais do PEEC para edificar, isto é edificabilidade, aliñacións e rasantos, alturas, parcela, patios de couzada, condicións de cada tipo de planta a construír, vóos, escaleiras, portais, ..referentes na súa meirande parte á edificación. Aínda que o apartado “q” está adicado á ocupación das beirarúas, non contén previsións sobre condicións de urbanización das vías do ensanche da cidade, limitándose a regular a ocupación destes espazos con carácter privativo, para prohibila ou para permitila, e posibilitando a colocación de mobiliario urbano, ÁRBORES, e sinalizacións do transporte público, marquesiñas e demais. Xa que logo, ó se tratar dunha obra de urbanización, haberá que acudir ó apartado 3.2.3.2 das Normas urbanísticas PXOM 1993, apartado que se respecta polo proxecto aprobado, tal e como senta o enxeñeiro da edificación municipal no seu informe, como mellora da funcionalidade da zona.  
Pola mesma razón, como estamos ante unha simple estrutura para circular os peóns, non é admisible empregar conceptos como o de edificabilidade, creación de “estancias habitacionais” en palabras dos alegantes, pois o proxecto autorizado, no que respeta á zona do boulevard, contempla a instalación dunha rampla mecánica en senso ascendente, na que non é posible pola propia condición de rampla en movemento, “estar”, e un paseo peonil con espazos estes sí para “estar”, en semellanza ós existentes na actualidade, (bancos ó longo do boulevard cuxo uso se ve interrompido polo cruce transversal das rúas con tráfico rodado), a través de elementos que favorezan ese uso e disfrute polos cidadáns, como son os bancos para se sentar, elementos vexetais para contemplar, fontes para beber, ..en definitiva, non se trata de crear unha edificación para habitar, senón un espazo para usar .  
Os materiais, texturas e cores responden ó apartado 8.2.4 PEEC
- Respecto ó incumprimento da altura en planta baixa, reproducir o párrafo anterior en canto a limitación en altura para as plantas baixas non sería de aplicación para a rampla
- A alegación sobre a deficiente tramitación do proxecto non se xustifica. A capacidade e competencia dos técnicos, redactores e informantes, quedou acreditada no primeiro apartado. A tramitación é a propia de calquer proxecto municipal: o proxecto de REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA - ENTRE A RÚA MARÍA BERDIALES E A RÚA VENEZUELA, é unha obra pública municipal que, segundo previsto no artigo 147.2 LSG, entenderase autorizada polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor. Neste senso, tanto o proxecto no Anexo 3 nomeado “Planeamento urbanístico”, como o informe técnico de data 19.06.18 no párrafo que escomenza: “...Como a aplicación ao anexo 3...” , xustifican a viabilidade urbanística da actuación.

Asemade, como queira que a intervención non afecta a ningún elemento catalogado pola súa condición de ben histórico-artístico, non é procedente recabar a autorización sectorial apartado 4 do artigo 144 LSG e art 356.4 RLSG).

Por suposto a tacha de infracción urbanística moi grave segundo tipifica o art 158.2 LSG, á acción de aprobación do proxecto en canto autoriza a ocupación dun espazo libre con infracción das normas de uso e edificación, é improcedente, pois o proxecto contan cos informes técnicos e xustificacións de legalidade que xustifican a reforma dun espazo libre, no que non se altera o uso xeral libre que permanece e menos de edificación tal e como se ten xustificado

- Por último, en canto ás referencias á falta de motivación do proxecto, falta de (parece que a cualidade) “discreción” e a súa innecesariedade para a accesibilidade, sinalar que a solución adoptada da memoria responde ó encargo do goberno municipal, a quen lle corresponde, dentro da legalidade xustificada e organización democrática da convivencia, desenvolver as accións de política municipal e deste xeito garantir a participación igualitaria da totalidade dos vecinos no goberno municipal. Os obxectivos desta solución, que pasa por manter a sección viaria actual cun ancho de calzada en cada sentido de 9 metros (3 carrís), potenciando os cruces transversais, e creando no bulevar un recorrido peonil con ramplas mecánicas acompañado da vexetación, creando un “escenario natural” illado do tráfico rodado, aparecen detallados no apartado V.1.3 do presente, e incluíndo por suposto melloras para a accesibilidade da cidade de Vigo: as ramplas facilitan o desplazamento de gran cantidade de persoas con mobilidade reducida e mellora a comodidade para os demás peóns, e permitirá a moitas personas disfrutar da avenida da Gran Vía cando ata agora era impensable.

De conformidade co exposto, fórmase á Xunta Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 123.1 LPAC, a seguinte

## **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

Un.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Segismundo García de la Puerta, Ana García Román, Manuel Míguez Senra, Gabriela Lago Suárez-Llanos e Mercedes Suárez-Llanos Gómez, docs. núms. 180128716, 180128719, 180128721, 180128729 e 180128733 respectivamente, contra o acordo da Xunta de Goberno local adoptado en sesión extraordinaria e urxente do 28 de xuño de 2018, polo que se aproba o proxecto de execución de “REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA - ENTRE A RÚA MARÍA BERDIALES E A RÚA VENEZUELA-” redactado polo equipo técnico de ICEACSA CONSULTORES S.L.U e asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, polos fundamentos técnicos e xurídicos transcritos na presente.

Dous:- Proceder á notificación da presente ós recurrentes

Tres.- De conformidade co disposto no artigo 46 da lei da Xurisdicción contencioso-administrativa, contra a presente poderán deducir recurso contencioso-administrativo ante





## Concello de Vigo

os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contado a partires do día seguinte ao da recepción da notificación.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(956).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA ENTRE A RÚA MARÍA BERDIALES E RÚA VENEZUELA”. EXPTE. 76/441.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 01/08/18 e o informe de fiscalización do 10/08/18, dáse conta do informe-proposta do 02/08/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de Fomento e polo concelleiro-delegado de Fomento e conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

1º.- Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.

2º.- O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

3º.- Os orzamentos municipais do ano 2018 recollen, dentro do capítulo VI, a aplicación orzamentaria 1539.619.00.00 “DUSI Gran Vía, OT4/OT6, LA: 6,9,10,11,13,14, 1ª anualidade” con un importe de 4.781.565,00€.

4º.- Para levar a cabo esta actuación a Xunta de Goberno Local en sesión de data 15.06.2017 acordou adxudicar o procedemento aberto para a contratación dos servizos de

redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440), a prol da empresa ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.

5º.- Tanto o citado proxecto como o expediente de contratación do mesmo foron aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesións de 21.12.2017 e 26.06.2018. Unha vez iniciado o procedemento de contratación.

Unha vez iniciado o procedemento de contratación por parte do servizo xestor solicitouse a renuncia ao citado procedemento polos seguintes motivos:

*“No mesmo manifestase para xustificar a solicitude de renuncia que é de interese público “acadar os obxectivos fundamentais da actuación -a necesidade da renovación completa das redes de saneamento de augas fecais, pluviais, , a renovación da rede de abastecemento de máis de 50 anos de antigüidade, a mellora da seguridade viaria tanto de vehículos como de peóns coa creación de novos pasos de peóns e novas zonas de refuxio nun dos ámbitos coas maiores intensidades de circulación da cidade, a incorporación de elementos de transportes mecánico que melloren a accesibilidade e a mobilidade de persoas con diversidade funcional no tramo de maior pendente da rúa, a potenciación do transporte público e peonil ou a creación de rutas en ámbitos históricos, artísticos culturais co fomento do uso peonil-, así como a vinculación das actuacións aos fondos europeos do proxecto EDUSI Vigo Vertical, suxeitos a uns limitados prazos para a súa execución e xustificación, fan que o interese público municipal aconselle a execución dun novo proxecto que se reduza o ámbito de actuación á franxa da Gran Vía que se atopa a máis de 20 metros dos edificios catalogados, zona que non resulta afectada polas limitacións pretendidas pola Xunta de Galicia, á vista previsible demora en anos da previsible resolución en vía xudicial das discrepancias”.*

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21.12.2017 acordou, *“Renunciar ao procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “rehabilitación e transformación do contorno urbano da gran vía entre a rúa lepanto e a rúa nicaragua” aprobado por este órgano en data 8 de febreiro de 2018 (...)*”

6º.- *Á vista do citado acordo de renuncia, por parte de ICEACSA CONSULTORES S.L.U. se adaptou o ámbito do proxecto circunscrito á Gran Vía-entre a Rúa María Berdiales e a Rúa Venezuela-*.

7º.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 28.06.2018 acordou aprobar o **“PROXECTO DE REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA ENTRE A RÚA MARÍA BERDIALES E RÚA VENEZUELA”** redactado polo equipo técnico de ICEACSA CONSULTORES S.L.U e asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, cun orzamento base de licitación



## Concello de Vigo

máis IVE de CINCO MILLÓNS CENTO OITENTA E NOVE MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (5.189.862,99 € EUROS), de maio de 2018 e con sinatura dixital de datas 7 e 13 de xuño de 2018., Expte. 3827/443.

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 28.06.2018, que se corresponde co expediente administrativo 3827-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo equipo técnico de ICEACSA CONSULTORES S.L.U e asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCO MILLÓNS CENTO OITENTA E NOVE MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (5.189.862,99 € EUROS), de maio de 2018 e con sinatura dixital de datas 7 e 13 de xuño de 2018..
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de datas 28.06.2018 onde se indica as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 28.06.2018.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 29.06.2018
- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor de data 17.07.2018.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 17.07.2018.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de contratación de data 01.08.2018.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do

proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Xustifícase a adecuación urbanística e adaptación ao contorno, o cumprimento da normativa sectorial e a non necesidade de autorizacións sectoriais, así como a situacións das obras do proxecto fora da área de protección arqueolóxica, arquitectónica e etnográfica, nos informes da oficina de supervisión de proxectos de data 19.06.2018 e do Servizo de Patrimonio Histórico de 13.06.2018 (expediente 3827/443 unido ao presente expediente).

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). Xustifícase a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira nas repercusións económicas dos elementos da obra.

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “PROXECTO DE REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA ENTRE A RÚA MARÍA BERDIALES E RÚA VENEZUELA” redactado polo equipo técnico de ICEACSA CONSULTORES S.L.U e asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCO MILLÓNS CENTO OITENTA E NOVE MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (5.189.862,99 € EUROS), de maio de 2018 e con sinatura dixital de datas 7 e 13 de xuño de 2018., Expte. 3827/443.



## Concello de Vigo

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 01.08.2018.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por un importe de CINCO MILLÓNS CENTO OITENTA E NOVE MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (5.189.862,99€) sendo o importe correspondente ao IVE de 900.720,02€.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, para o ano 2018 da partida orzamentaria 1539.619.00.00 "DUSI GRAN VÍA, OT4/OT6, LA:6,9,10,11,13.14".

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2018: 4.781.565,00€

2019: 408.297,99€

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(957).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE-A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO”. EXPTE. 3560/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/08/18, dáse conta do informe-proposta do 24/08/18, asinado pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de Fomento e polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2016, entre outros asuntos acordou a aprobación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN A O CONCELLO DE VIGO DA ESTRADA PROVINCIAL 2001- CALVARIO A GARRIDA. TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO- PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN. (Expte.:4220/440)”.

O citado convenio foi asinado por ambas institucións con data 30 de decembro de 2016, e do mesmo desprendese aos efectos deste expediente que: “O Concello de Vigo, pola súa parte, aprobada que sexa pola Administración autonómica a cesión da titularidade do tramo urbano de referencia, obrígase a:

- 1) Redactar e aprobar o/s correspondente/s proxecto/s de obra, debendo remitir un exemplar aprobado á Deputación Provincial.
- 2) Contratar as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- 3) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- 4) Financiar os custes derivados da realización das obras, redacción de proxecto, asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, ata a cantidade do trinta por cento das cantidades estimadas na memoria “Memoria-resumo da AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77” como custes da ditas actuacións, isto é ata a cantidade máxima de 1.037.101,50 euros.”

II.- Para levar a cabo esta actuación a Xunta de Goberno Local en sesión de data 07.09.2017 acordou “Adxudicar a INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de Humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida, Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (Expte.: 4472-440).



## Concello de Vigo

III.- Os orzamentos municipais do ano 2018 recollen a aplicación orzamentaria 1532.619.00.09 "1C. DEP.1a ANUAL. IGREXA BEADE-GARRIDA, TRAMO REGATO QUINTIAN E Nº 77".

IV.- Consta no expediente 3560-443 a seguinte documentación:

- Resolución de Augas de Galicia de data 13.04.2018, autorizando as obras de humanización da Estrada EP-2001 Calvario-A Garrida, no lugar de Igrexa Beade – A Garrida na zona de policía, servidume e dominio público hidráulico, parroquia de Beade, no Concello de Vigo, condicionada ó cumprimento das seguintes condicións:

### *Xerais*

- *As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*
- *Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.*
- *Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*
- *A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por tonta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditas conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*
- *Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*
- *O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando abrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras.*
- *Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.*
- *Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.*

- *Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.*

#### Particulares

- *Obras correspondentes ao proxecto de "Humanización da estrada EP-2001 Calvario-A Garrida, treito Igrexa de Beade-A Garrida (PO-330), lugar de Porto"consistentes na urbanización e anqueo da plataforma mediante actuacións de movemento de terras, construción de muros de contención en cachotería de pedra, de beirarrúas en ambos lados da estrada mediante bordos de formigón, base granular e formigón pulido de rede de sumidoiros e arquetas para recollida de augas pluviais, ampliación en lonxitude das obras de drenaxe transversal, pavimentación de calzada con mestura bituminosa en quente e das zonas de aparcamento e dársenas de contenedores con formigón pulido, e máis ampliación da ponte do regato Quintián mediante marcos de formigón prefabricado de 3,50 x 3,50 m, en zona de policía, servidume e dominio público hidráulico, na parroquia de Beade, Concello de Vigo.*
- *Segundo as recomendacións do Servizo de Conservación da Natureza: Os marcos deberan ir enterrados un mínimo de 30 cm, conservando a pendente orixinal do río para manter as condicións naturais do leito, evitando a formación de saltos e obstáculos. As estruturas deberán ser proxectadas para evacuar o máximo caudal previsto e para dar saída aos materiais de arrastre do río. Deberanse illar as zonas de obra, deixando sempre unha canle de auga circulante durante a execución dos traballos, establecendo perímetros e barreiras de protección, para evitar o arrastre de partículas e o enturbado das augas.*
- *Non se verterá ao río durante a fase da construción, substancia algunha que sexa susceptible de alterar os valores dos parámetros de calidade de auga habituais na canle do regato. Durante a fase de formigonado e encintado, e no período seguinte ate o secado, evitarase o contacto directo da auga da corrente co formigón e aditivos impermeabilizantes.*
- *Debe destacarse que a zona de actuación se atopa en zona de fluxo preferente na que o titular da autorización coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso e comprométese a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección. O titular asume os riscos derivados da condición da zona de fluxo preferente polo que calquera incidencia que se derive en episodios de enchentes nos traballos que se autorizan será responsabilidade do titular.*
- *Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.*
- *Prohibirase a coda ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estes traballos.*





## Concello de Vigo

- *Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do borda ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.*
- *Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir*

- Informe complementario da Xefa de Patrimonio Histórico, de data 20.04.2018, indicando que os elementos do patrimonio etnográfico e o seu contorno de protección sobre os que se emitiu informe na data 06/04/2018, atópanse fora da área das obras proxectadas, polo que dito servizo considera que pode continuarse coa tramitación do expediente de referencia.

**V.-** A empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. presentou proxecto de "Humanización da Estrada Provincial EP-2001 Calvario La Garrida, Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto ", redactado por un equipo multidisciplinar e subscrito pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, María Ferreiro Núñez, directora dos traballos, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLÓNS TRESCENTOS ONCE MIL DEZASETE EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (3.311.017,39 EUROS), de data abril de 2018, e con firma dixital de data 20 e 25.04.2018.

**VI.-** O Enxeñeiro Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas, en data 23.04.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**VII.-** A actuación desenrólase na estrada provincial EP-2001 Calvario A Garrida, Tramo Igrexa de Beade a Garrida (po-330) lugar de Porto, e comprende as seguintes obras a executar:

Previamente procedérase o despexe e desbroce da plataforma a ocupar, procedendo o desmontaxe e terrapleno dos terreos necesarios, con transporte de sobrantes a vertedoiro.

Renovarase a pavimentación en todo ámbito da actuación. Proxéctase unha sección de ancho total 16 m. na zona central da actuación, o seu paso polo núcleo de Quintián, entre os PQs 0+440 e 0+885 e unha sección de ancho 12 m. no resto.

A beirarrúa proxectase cun ancho de 2,50 m e as bandas de aparcamento terán un ancho de 2 m. A sección a empregar na calzada neste caso será:

30 cm de zahorra artificial ZA 0/32

6 cm de AC22 BIN S BC 50/70 S

4 cm de AC16 SURF D BC 50/70

O aparcamento, os vados de vehículos e as dársenas de colectores estarán compostas por

unha capa de formigón pulido HF-4,5 de 25 cm de espesor sobre unha capa de zahorra ZA 0/32 de 20 cm de espesor.

As beirarrúas estarán compostas por formigón semipulido HA-25 de 20 cm de espesor sobre unha capa de zahorra de 20 cm de espesor. Colocaranse bandas cada 6 metros e coincidindo cos alcorques de lousa de pedra gris alba de 86x40x6 cm. Asentaranse sobre unha capa de morteiro de 4 cm e sobre soleira de formigón de HM-20 de 15 cm de espesor. O bordo será de granito branco de 20 cm de ancho e 22 cm de altura con cimentación de formigón en masa HM-20.

Os vados para peóns estarán compostos por baldosa hidráulica roxa de 30x30x5, asentada sobre capa de morteiro de 4 cm de espesor, que se dispón sobre soleira de formigón HM-20 de 15 cm de espesor.

Proxéctase a ampliación da estrutura existente sobre o regato Quintián, con marcos a ambos lados de dimensións 3,50 x 3,50 m. Previamente realizarase a demolición do marco existente na marxe dereita.

Proxéctanse 25 muros de mampostería de pedra granítica, 12 na marxe dereita e 13 na esquerda, para salvar os desniveis existentes entre a plataforma da estrada e as fincas anexas.

Proxéctase a renovación da rede de abastecemento existente, substituirase a tubaxe existente por unha nova de fundición dúctil e de diámetro 100 mm.

A rede de saneamento de augas fecais existente atópase en bo estado, polo que se manterá. Renovarase as acometidas cos diámetros especificados nos planos e con tubaxe de PVC liso e rasantearanse as tapas dos pozos de rexistro.

Proxéctase unha rede de drenaxe lonxitudinal, con sumidoiros e canaletas con reixas cuxas augas se recollerán nun novo colector de pluviais que irá situado baixo a calzada de PVC liso de diámetros 315 e 400 mm que se conectará as obras de drenaxe transversal, que tamén se renovarán.

Proxéctase un novo cadro de mando para a iluminación que se situará fronte a vivenda nº140 da Estrada de Porto, no cruce desta co camiño Galeota e retirarse o cadro existente no nº138.

A canalización proxectada estará composta por un tubo de PVC vermello de diámetro 110 mm, un tubo de PVC verde de 110 mm de diámetro e un tubo de PVC de diámetro 63 mm para a iluminación navideña. No cruce da calzada dispóñense 5 tubos de PVC: 4 de



## Concello de Vigo

diámetro 110 mm (tres de cor vermella e un verde) e un de diámetro 63 mm e cor vermella. O cabreado será unipolar RV-K 0,6/1KV 4x(1x16) mm<sup>2</sup> + 1x16 mm<sup>2</sup>.

Os puntos de luz irán dispostos na beirarrúa da marxe dereita, situados cada 35 m de acordo o estudo lumínico realizado: No aliñamento da beirarrúa, dispostos cada 35 metros os seguintes puntos de luz columna recta troncocónica modelo AM10C da marca JOVIR ou similar de altura 10 m, e luminaria Unistreet BGP204 de led de Philips ou similar.

Nas áreas de descanso se disporá unha columna recta troncocónica modelo C 45-60 de Coyba ou similar de altura 4,50 m e luminaria Townguide de led de Philips ou similar.

Proxectase unha canalización para a rede eléctrica composta por tubos de polietileno de diámetro 160 mm e un tubo de 125 mm. As acometidas realizaranse con 1 tubo de diámetro 160 mm.

Proxectase unha canalización para a rede de telecomunicacións composta por tubos de PE corrugado de diámetro 125 mm. Retiraranse os postes e cruces de cableado aéreo existentes no ámbito.

Proxectase unha rede de rego para as novas xardineiras e para o novo arborado.

Permanecerán as das árbores existentes na zona do lavadoiro situado no cruce co camiño Goaldiño. Na zona do regato de Quintián, para rexenerar a zona afectada polas obras, plantaranse 5 castaños. Na alienación das beirarrúas colocarase a especie Prunus Serrulata Kazan. Na área de descanso situada na marxe dereita a altura do PK 0+160, plantaranse dúas cerdeiras (Prunus Avium).

Nas xardineiras de delimitación da zona de colectores, realizaranse plantacións de Viola Odorata e de Lantana Camara. No resto de xardineiras realizaranse plantacións de arbustos: Callistemon Laevis copa (Limpiatubos), Viburnum Opulus (Bola de Nieve), Hibiscus Moscheutos (Hibisco XXL); e das seguintes plantacións: Impatiens Walleriana (Alegría), Begonia Semperflorens (Begonia) e Festuca Glauca (Festuca).

En canto o mobiliario urbano, os alcorques para o arborado serán de adoquín de granito rosa Porriño confinado cun marco de aceiro inoxidable.

As xardineiras estarán confinadas cun bordo de granito rosa Porriño con chafrán redondeado e espesor 10 cm, tal e como se reflexa nos planos de detalle. As xardineiras que se situarán nas dársenas de colectores tamén se recollen nos planos de detalle.

Disporase de 15 papeleiras e 15 bancos. Disporase dunha barandilla de aceiro inoxidable na rampa situada fronte a vivenda nº142 e na escaleira situada antes do lavadoiro, a altura do

PQ 0+570, na marxe esquerda da estrada. Proxéctanse catro marquesiñas nas catro paradas do autobús, serán de cristal e aceiro cos laterais cerrados.

Na área de descanso situada fronte ó xeriátrico, instalaranse elementos biosaludables. Nas beirarrúas no paso sobre o regato Quintián, dispórase dunha barandilla de madeira en ambas beirarrúas.

Así mesmo, repóranse os cerres con mampostería concertada de granito e sobre esta un cerramento vexetal, seguindo as indicacións do planeamento municipal vixente.

Reporanse os portais de acceso de vehículos e peonais, con portas de ferro forxado e canalización para desaugues e conexión con canalizacións externas cos conseguíntes pozos de rexistro.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 12 meses.

**VIII.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 10.05.2018 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que a documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

XIX.- Consta no expediente administrativo de referencia (3560-443), acordo da XGL de data 19-07-2017, referente a aceptación da vontade de cesión voluntaria e gratuíta, por parte das persoas relacionadas no apartado terceiro da parte expositiva do antedito acordo, dos bens e dereitos sobre os inmobles que, igualmente, se relacionan en dito apartado e, polo conseguinte, o acordo de inicio dos expedientes individualizados necesarios para a conclusión dos correspondentes convenios urbanísticos para a obtención gratuíta de ditos terreos.

#### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.



## Concello de Vigo

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

•

### ACORDO

Aprobar o proxecto de “**HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO**”, redactado por un equipo multidisciplinar e subscrito pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, María Ferreiro Núñez, directora dos traballos, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLÓNS TRESCENTOS ONCE MIL DEZASETE EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (3.311.017,39 EUROS), de data abril de 2018, e con firma dixital de data 20 e 25.04.2018.

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(958).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL CANALIZADO PARA AS INTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS VINCULADAS A ESTE CONTRATO. EXPTE. 70/441.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28/08/18 e o informe de fiscalización do 230/08/18, dáse conta do informe-proposta do 29/08/18 asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de Fomento e conformado polo o concelleiro-delegado de Fomento, pola concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1.- Ao abeiro do previsto na Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2.014/23/UE e 2.014/24/UE (LCSP), asinouse en data 14/06/18 Informe de necesidade e idoneidade polo Xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario. No referido Informe refírense nos antecedentes, que en setembro de 2016 o Concello de Vigo formaliza o Contrato do subministro de gas natural canalizado para as instalacións de auga quente sanitaria (AQS) e calefacción dos Colexios Públicos e Escolas Infantís Municipais, Laboratorio e Casa do Concello coa empresa "Gas Natural Comercializadora, S.A" (expte. 17125/332). O prazo do contrato é de dous anos, contado a partir do 5 de setembro de 2016.

O 27 de marzo de 2018 a Xunta de Goberno Local aproba a proposta de modificación do contrato do subministro de gas natural para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do Concello de Vigo (expte. 17125/332), para poder atender aos novos subministros de gas do Pazo de Congresos de Vigo, S.A. , do C.E.I.P. Altamar e o do Parque Central de Servizos de Santa Cristina. Esta modificación representaba un 14% do prezo primitivo do contrato, se inicia en abril de 2018 e con duración ata a finalización do contrato que modifica.

Tendo en conta que, tal e como se establece no punto 4 das FECs, do Anexo I do PCAP do contrato vixente de subministro de gas (expte. 17125/332) o prazo de execución non poderá ser prorrogado, a vixencia deste contrato remata o 4 de setembro de 2018.

2.-En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das



## Concello de Vigo

competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local, de 19 de xuño de 2015), acordou o inicio da contratación a medio de Decreto de data 14/06/18.

3.- O orzamento municipal definitivamente aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 27 de decembro de 2017 contempla as seguintes aplicacións orzamentarias:

3230.221.02.00: Funcionamiento de centros docentes de enseñanza. Suministro de gas.  
9200.221.03.00: Administración General. Combustibles palacio municipal e dependencias municipais  
as cales cumpren a condición de crédito suficiente e adecuado.

4.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 14/06/1818 polo Xefe do Servizo administrativo e Control orzamentario.

b).- Decreto do segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación de data 14/06/18, acordando "iniciar o expediente para a contratación do SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO.

c).- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeira Técnica Industrial en data 18 de xuño de 2018.

d).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, asinada pola Enxeñeira Técnica Industrial, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario e a Xefa de Educación , conformada polos concelleiros delgados de educación e fomento, con data última de firmas de 20.06.2018.

e).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 09/08/18.

f).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 24/08/18.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** O artigo 116.1 LCSP establece que a celebración de contratos polas Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda, apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público, nos Municipios de Gran Poboación as competencias do órgano de contratación exerceranse pola Xunta de Goberno Local, calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo.

En virtude da Resolución de data 19 de xuño de 2.015, acordouse a delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local, acordándose na mesma data a delegación da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros delegados de Área, delegando a competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas de competencia. A referida Resolución de 9 de xuño de 2.015, foi modificada por Resolución de Alcaldía de 9 de xullo de 2.018.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

**Cuarto.-** O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP ); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP; así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP) así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 LCSP.





## Concello de Vigo

**Quinto.-** Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello. A proposta atópase contemplada no orzamento aprobado inicialmente polo Pleno para o ano 2.018.

**Sexto.-** É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional Tercera.8 da LCSP e Disposición Adicional oitava.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional Segunda apartado 4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO.

**Segundo-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeira Técnica Industrial en data 18 de xuño de 2018.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 24/08/18.

### **Cuarto.-**

Autorizar o gasto por importe total do expediente o cal ascende a un máximo de CIENTO SESENTA E SEIS MIL CATOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON CINCOENTA E CATRO CÉNTIMOS (166.434,54 euros) (IVE engadido), sendo a partida do IVE de VINTE E OITO MIL OITOCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (28.884,33 €)

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo para o ano 2.018 e 2.019.

Distribución orzamentaria anualidades	Importes con IVE
2018( 1 mes)	
Aplicación orzamentaria 3230.221.02.00.	8.000,00 €
Aplicación orzamentaria 9200.221.03.00.	18.000,00 €
Aplicación orzamentaria 9202.221.03.00.	750,00 €
<b>Total 2018</b>	<b>26.750,00 €</b>
2019( 11 meses)	
Aplicación orzamentaria 3230.221.02.00.	42.783,83 €
Aplicación orzamentaria 9200.221.03.00.	93.332,63 €
Aplicación orzamentaria 9202.221.03.00.	3.568,08 €
<b>Total 2019</b>	<b>139.684,54 €</b>
<b>Total</b>	<b>166.434,54 €</b>

O prezo estimado do contrato ascende a 165.059,05 (CENTO SESENTA E CINCO MIL CINCOENTA E NOVE EUROS CON CINCO CÉNTIMOS).

**Quinto.-** Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **6(959).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES PARA A FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS, XESTIONADOS POLO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 13050/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28/08/18 e o informe de fiscalización do 30/08/18, dáse conta do informe-proposta do 29/08/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de Fomento e conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1.- Ao abeiro do previsto na Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2.014/23/UE e 2.014/24/UE (LCSP), asinouse en data 24/05/18 Informe de necesidade e idoneidade polo Xefe da Unidade de mantemento de Vías Municipais e en data 25/05/18 polo Xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario. No referido Informe refírense nos antecedentes que en data 11 de xaneiro de 2019 finaliza a segunda prórroga do contrato de subministro de combustibles coa Compañía Española de Petróleos, SAU (CEPSA), (expte. 10403/445), aprobada en data 21 de decembro de 2017 pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria.

Defínense con precisión no referido informe de necesidade as necesidades que pretenden cubrirse a medio do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais. Constitúe o obxecto do contrato o subministro de combustibles a través de estacións de servizo de gasóleo A e gasolina /95 destinado á flota de vehículos de titularidade municipal e autorizados.

2.-En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local, de 19 de xuño de 2015), acordou o inicio da contratación a medio de Decreto de data 25/05/18.

3.- O orzamento municipal definitivamente aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 27 de decembro de 2.017 contempla na aplicación orzamentaria "9202.2210300-Combustible e carburantes", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

4.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 24/05/18 polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías e en data 25/05/18 polo Xefe do Servizo administrativo e Control orzamentario.

b).- Decreto do segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación de data 25/05/18, acordando "iniciar o expediente para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición de combustibles a través de estacións de servizo, de gasóleo A e gasolina/95, destinado á flota de vehículos de titularidade municipal e autorizados, xestionados polo Parque Móbil".

c).- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais e o Xefe da Área de Inversións-Área Servizos xerais, en data 25/05/18 e 28/05/18 respectivamente.

d).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada en data 12/07/18 polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais, e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Inversións-Área Servizos xerais en data 13/07/18 ; e conformada polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza en data 13/07/18 .

e).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 13 / 07/18.

f).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 03/08/18.

g.- Informe proposta do servizo de data 03.08.2018

h.- Informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica de data 07.08.2018

g).- Informe do Interventor Xeral de data 27.08.2018 onde se fan dúas observacións (necesidade de que ao tratase dun suposto de tramitación anticipada do expediente de contratación, debendo preverse tal circunstancia no apartado 3 l) das FEC mediante a oportuna corrección e incorrección así como indicación erroneamente no informe proposta de que se financiará con cargo aos créditos do orzamento do ano 2018)

f).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 28/08/18.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** O artigo 116.1 LCSP establece que a celebración de contratos polas Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda, apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público, nos Municipios de Gran Poboación as competencias do órgano de contratación exerceranse pola Xunta de Goberno Local, calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo.



## Concello de Vigo

En virtude da Resolución de data 19 de xuño de 2.015, acordouse a delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local, acordándose na mesma data a delegación da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros delegados de Área, delegando a competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas de competencia. A referida Resolución de 9 de xuño de 2.015, foi modificada por Resolución de Alcaldía de 9 de xullo de 2.018.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

**Cuarto.-** O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP; así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP) así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 LCSP.

**Quinto.-** Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello. A proposta atópase contemplada no orzamento aprobado inicialmente polo Pleno para o ano 2.018.

**Sexto.-** É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional Tercera.8 da LCSP e Disposición Adicional oitava.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional Segunda apartado 4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de subministro de combustibles en función das necesidades, a través de estacións de servizo, de gasóleo A e gasolina /95 destinado á flota de vehículos de titularidade municipal e autorizados.

**Segundo-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 28/08/18.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías e o Xefe da Área de Inversións-Área Servizos xerais, en data 25/05/18 e 28/05/18 respectivamente.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente o cal ascende a un máximo de SETECENTOS SESENTA E OITO MIL CINCOCENTOS CORENTA E OITO EUROS (768.548 euros) (IVE engadido), sendo a partida do IVE de CENTO TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS OITENTA E TRES EUROS E TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (133.384,36 €). Por ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá con cargo á aplicación orzamentaria 9202.221030- Combustible e carburantes a seguinte distribución por anualidades:

Anualidade	con IVE	sen IVE	IVE
2019- de 12/01/2019 a 31/12/2019	372.693,14€	308.010,86€	64.682,28€
2.020	384.274,00€	317.581,82€	66.692,18€
2021-1/01/2021 a 12/01/2.021	11.580,86€	9.570,96€	2.009,90€

**Quinto.-** Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **7(960).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO "PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS PARA A COMPLETA URBANIZACIÓN DAS PARCELAS Nº 28 E 29 DO PLAN PARCIAL S.U.P. P.P. 1 QUIRÓS. EXP.TES. 64/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 31/08/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

#### 10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 29 de agosto de 2018:

1. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.
2. UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do "Pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	ORECO, S.A.	94,80
2	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRA S S.A. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	91,42
3	S.A. DE OBRAS E SERVICIOS, COPASA	88,94
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	66,24
5	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	29,52

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(961).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DESIGNACIÓN DE MEMBROS DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN E DETERMINACIÓN DE LUGARES E DATAS DE CELEBRACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTES AOS ANOS 2014, 2015 E 2016. EXPTE. 32440/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/08/18, dáse conta do informe-proposta do 24/08/18, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de decembro de 2014, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao citado exercicio (publicación no BOP do 22/12/2015 e no DOG do 24/12/2015).

Así mesmo, en sesión de data 30 de decembro de 2015, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente a 2015 (publicación no BOP do 26/01/2016 e no DOG de 10/02/2016).

Por último, en sesión de data 8 de abril de 2016, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente a 2016 (publicación no BOP do 27/04/2016 e no DOG de 06/05/2016).

En sesión da Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro de 2016 modificouse a dita Oferta de Emprego Público 2016 (publicación no BOP do 22/12/2016 e no DOG do 28/12/2016).

2.- As bases xerais reitoras dos procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas que configuran as Ofertas de Emprego Público 2014, 2015 e 2016 aprobáronse





## Concello de Vigo

pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de febreiro de 2018, tendo sido publicadas no BOP do 26/03/2018. Así mesmo publícase unha rectificación de erros nas bases no BOP do 07/06/2018, por acordo da Xunta de Goberno Local de 18/05/2018. O anuncio breve das bases e a súa rectificación publícase no DOG de 25/06/2018.

**3.-** Por Resolución do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal de data 26/06/2018 (BOP nº 130, do venres 06/07/2018) procedeuse á convocatoria dos procesos selectivos para a provisión das prazas seguintes:

- Capataz Deportes (2 promoción interna),
- Oficial Limpeza (1 promoción interna),
- Oficial Xardineiro/a (3 promoción interna),
- Oficial Conductor/a (8 promoción interna),
- Oficial Carpinteiro/a (1 promoción interna),
- Oficial Albanel (1 promoción interna),
- Oficial Mecánico/a (2 promoción interna),
- Oficial Pavimentador/a (1 promoción interna),
- Oficial Electricista (5 promoción interna, 1 reservada a persoas con discapacidade),
- Oficial de Instalacións Municipais (11 promoción interna, 1 reservada a persoas con discapacidade),
- Oficial Mantemento (1 promoción interna),
- Oficial Ferreiro/a (1 promoción interna) e
- Axudante de Oficios (5 promoción interna, 2 reservadas a persoas con discapacidade, unha delas intelectual).

**4.-** Rematado o prazo de presentación de instancias -20 días naturais- o día 26 de xullo do 2018 para o persoal laboral por promoción interna, en data 23/08/2018 pola Concellería-delegada de Xestión Municipal e Persoal, ditouse Instrución para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección, lugares e datas de celebración dos exercicios correspondentes.

Así mesmo, procedeuse a verificación documental das solicitudes presentadas, de conformidade coas bases reitoras das convocatorias, con indicación da lista de excluídos en cada unha das prazas convocadas, comprobándose así mesmo que todos/as os membros designados/as en cada un dos órganos de selección, están en posesión de titulación igual ou superior a esixida en cada unha das convocatorias, e pertencen a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual ou superior á esixida para participar en cada un dos procesos selectivos, contando con carácter xeral, todos eles coa especialidade técnica requirida para a mesma, nos termos recollidos nos informes técnicos de datas 22/08/2018 e 23/08/2018 anexados ao expediente.

En consecuencia, procede elevar ao órgano competente proposta de aprobación dos referidos aspectos.

### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- O artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que:

*“Os órganos de selección serán colexiados e deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.*

*O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.*

*A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén”.*

Así mesmo, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

*“1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e mais de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.*

*2. En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección:*

*a) O persoal de elección ou de designación política.*

*b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal.*

*c) O persoal eventual.*

*d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

*3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ninguén.*

*4. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.*

*5. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.*

*6. A composición e o réxime de funcionamento dos órganos de selección estableceranse regulamentariamente.*

*7. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden crear órganos especializados e permanentes para a organización dos procesos selectivos.”*

**II.-** O réxime de funcionamento dos órganos de selección recóllese no artigo 61 do antedito Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, así como o contido e desenvolvemento dos procesos selectivos, que os membros do citado órgano deberán respectar en todo caso, sen prexuízo daquelas instrucións concretas de funcionamento contidas nas bases ou en circulares e instrucións que poidan acordarse polos órganos municipais competentes ao efecto.

**III.-** Pola súa banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, xa contemplaba no seu artigo 127.1, apartado h) que a composición dos tribunais de oposicións será predominantemente técnica, debendo posuír todos os seus membros un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso nas prazas convocadas.



## Concello de Vigo

En consecuencia, visto o recollido na Base 7ª das Bases Xerais reitoras dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público 2013 en canto á competencia da Xunta de Goberno Local, e considerando igualmente o disposto no artigo 127 citado anteriormente, propónse ao dito órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

**“Primeiro.-** Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos nos procesos selectivos convocados para a provisión das seguintes prazas contidas nas Ofertas de Emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016: Capataz Deportes (2 promoción interna), Oficial Limpeza (1 promoción interna), Oficial Xardineiro/a (3 promoción interna), Oficial Electricista (5 promoción interna, 1 reservada a persoas con discapacidade), Oficial de Instalacións Municipais (11 promoción interna, 1 reservada a persoas con discapacidade), Oficial Mantemento (1 promoción interna), toda vez que para as prazas de Oficial Conductor/a (8 promoción interna) e Axudante de Oficios (5 promoción interna, dúas reservadas a persoas con discapacidade), unicamente presentáronse solicitudes por dúas persoas que non reúnen a condición de persoal municipal ao servizo da Corporación e que para as prazas de Oficial Carpinteiro/a (1 promoción interna), Oficial Albanel (1 promoción interna), Oficial Mecánico/a (2 promoción interna), Oficial Pavimentador/a (1 promoción interna) e Oficial Ferreiro/a (1 promoción interna) non se presentaron solicitudes, e en consecuencia declarar admitidos á totalidade dos aspirantes presentados a excepción dos que expresamente se exclúen en listado subseguinte, nos termos dos informes emitidos polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos en datas 22/08/2018 e 23/08/2018 e polos motivos indicados co código correspondente:

### OFICIAL CONDUCTOR/A PROMOCIÓN INTERNA

APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
GARCÍA ROMÁN	JOSÉ CARLOS	*****781X	EXCLUÍDO (2)

### OFICIAL LIMPEZA PROMOCIÓN INTERNA

APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
RIVEIRO CEA	LIDIA MARIA	*****357Z	EXCLUÍDA (1)

### AXUDANTE DE OFICIOS PROMOCIÓN INTERNA RESERVA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
MARTÍN PÉREZ	DAVID FRANCISCO	*****744T	EXCLUÍDO (2)

### CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

(1) Por non presentar declaración xurada tal e como especifican as bases da convocatoria.

(2) Por non cumprir coa condición de persoal municipal ao servizo da Corporación, equiparado o subgrupo E de titulación, que cumpra cos requisitos sinalados na base 12ª das xerais e de conformidade co baremo previsto nas bases xerais desta convocatoria.

**Segundo.-** De conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións, os aspirantes excluídos dispoñen de un prazo de emenda de deficiencias, achega de documentación e recusación dos membros dos órganos de selección de **10 días hábiles**, contados dende o seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia; emenda que deberá realizarse inescusablemente mediante a presentación da documentación no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nas demais formas que determina o artigo 16 da citada Lei, no modelo de solicitude que figura como anexo ao presente acordo, advertíndoselle que de non facelo serán declarados definitivamente excluídos.

Unha vez resoltas as reclamacións, a relación definitiva de admitidos publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web do concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), sen necesidade de novo anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.-** Dar conformidade á proposta para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección, lugares e datas de celebración dos exercicios correspondentes, efectuada polo Concelleiro-delegada de Área de Xestión Municipal e Persoal, contida en Instrución de data 23/08/2018, acordando que os órganos de selección quedarán integrados polos seguintes membros:

#### **Presidente.-**

**Capataz Deportes:** Titular: D. Ezequiel Fernández Carpintero, Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos do Concello de Vigo. Suplente: Dª Sonia Estrada Ibáñez, Técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos do Concello de Vigo.

**Oficial Limpeza:** Titular: D. Javier Muradás Blanco, Técnico de Xestión do Concello de Vigo. Suplente: Dª. Belén Pérez Barreiro, Técnica Media de Servizos Económicos do Concello de Vigo.

**Oficial Xardineiro/a:** Titular: D. Gilberto Moldes Crespo, Enxeñeiro Técnico de Montes do Concello de Vigo. Suplente: Dª. Mª Dolores Bernárdez Fernández, Analista de Laboratorio do Concello de Vigo

**Oficial Electricista:** Titular: D. Benjamín A. Collazo Rodríguez, Enxeñeiro Industrial do Concello de Vigo. Suplente: Dª. Carla Candia Paz, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Oficial Instalacións Municipais:** Titular: D. Manuel A. Córdoba Ardao, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Ezequiel Fernández Carpintero,



## Concello de Vigo

Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos do Concello de Vigo.

**Oficial Mantemento:** Titular: D<sup>a</sup>. Mónica Domínguez Estévez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente: D. Manuel A. Córdoba Ardao, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

### Secretario/a .-

**Capataz Deportes:** Titular: D. Lucio C. Varela Borreguero, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D<sup>a</sup>. Carmen Pintado García, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Oficial Limpeza:** Titular: D<sup>a</sup>. Mónica Domínguez Estévez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente: D<sup>a</sup> Beatriz Domínguez Pereira, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Oficial Xardineiro/a:** Titular: D.<sup>a</sup> María Blanco Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente: D. Ramón A. Hermida-Cachalvite Vázquez, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Oficial Electricista:** Titular: D<sup>a</sup> Beatriz Domínguez Pereira, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D.<sup>a</sup> María Blanco Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo.

**Oficial Instalacións Municipais:** Titular: D<sup>a</sup>. Carmen Pintado García, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Gustavo Rodríguez Bartol, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Oficial Mantemento:** Titular: D. Lucio C. Varela Borreguero, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

### Vogais.-

#### **Capataz Deportes:**

1<sup>o</sup> Titular: D. Rubén Peña Barceló, Xefe do Servizo de Deportes do Concello de Vigo.  
Suplente: D. José Ángel Iago Filgueira, Adxunto ao Xefe do Servizo de deportes do Concello de Vigo.

2<sup>o</sup> Titular: D. José Ramón Seijas Álvarez, Capataz do Concello de Vigo.  
Suplente: D. Ernesto González Serrano, Xefe Mantemento Instalacións Deportivas do Concello de Vigo.

3<sup>o</sup> Titular: D. Alfonso Alonso Rodríguez, Capataz do Concello de Vigo.  
Suplente: D. Roberto de la Iglesia Hernández, Axudante Técnico Electromecánicos do Concello de Vigo.

#### **Oficial Limpeza:**

- 1º Titular: D. Jesús Manuel Garrido Marcos, Xefe Quenda Limpeza do Concello de Vigo.  
Suplente: D. Bernardo Rodríguez Lestón, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Ángel Alonso González, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.  
Suplente: D<sup>a</sup>. Lucía Portomeñe Correia, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. Alfonso Alonso Rodríguez, Capataz do Concello de Vigo.  
Suplente: D. Guillermo Lorenzo Carrera, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.

#### **Oficial Xardineiro/a:**

- 1º Titular: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción González Costas, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.  
Suplente: D. Alfonso Alonso Rodríguez, Capataz do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Gonzalo Argibay Barciela, Inspector Control Concesionarias do Concello de Vigo.  
Suplente: D. Manuel Vila Bastos, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. Héctor Conde Lorenzo, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.  
Suplente: D. José Ramón Seijas Álvarez, Capataz do Concello de Vigo.

#### **Oficial Electricista:**

- 1º Titular: D. Ángel Posada Oitabén, Capataz do Concello de Vigo.  
Suplente: D. Roberto de la Iglesia Hernández, Axudante Técnico Electromecánicos do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Juan Manuel Alejos Anta, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.  
Suplente: D. Julio Cores Cobas, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. Juan Carlos Rodríguez Lorenzo, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.  
Suplente: D. José Dios Manso, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.

#### **Oficial Instalacións Municipais:**

- 1º Titular: D. Ernesto González Serrano, Xee Mantemento Servizo Deportes do Concello de Vigo.  
Suplente: D. Rubén Peña Barceló, Xefe do Servizo de Deportes do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Severino Sánchez Domínguez, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.  
Suplente: D. Lisardo Fernández Díaz, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. Enrique Alonso Rodríguez, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.  
Suplente: D<sup>a</sup> Concepción Cousiño Sendín, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.

#### **Oficial Mantemento:**

- 1º Titular: D. José Ángel Iago Filgueira, Adxunto ao Xefe do Servizo de deportes do Concello de Vigo.  
Suplente: D. Rubén Peña Barceló, Xefe do Servizo de Deportes do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Javier Figueroa Castro, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.  
Suplente: D. Marcos Caaveiro Fernández, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. Ernesto González Serrano, Xefe Mantemento Servizo Deportes do Concello de Vigo.



## Concello de Vigo

Suplente: D. Guillermo Lorenzo Carrera, Oficial de Oficios do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** Dispoñer que as datas e lugares de celebración do primeiro exercicio de cada un dos procesos selectivos serán os seguintes:

**Capataz Deportes:** Mércores, 3 de outubro de 2018 ás 12:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Oficial Limpeza:** Luns, 1 de outubro de 2018 ás 11:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Oficial Xardineiro/a:** Luns, 1 de outubro de 2018 ás 13:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Oficial Electricista:** Xoves, 4 de outubro de 2018 ás 11:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Oficial Instalacións Municipais:** Martes, 2 de outubro de 2018 ás 12:00 horas na Aula da Policía Local, sita na Policía Local de Vigo, en Praza do Rei nº 1, andar -1, de Vigo.

**Oficial Mantemento:** Xoves, 4 de outubro de 2018 ás 13:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

Para o suposto de modificación dos lugares e datas de celebración das probas dos procesos selectivos derivados das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016, habilítase expresamente ao Concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal para dispoñer tales cambios por resolución do mesmo.

**Quinto.-** Informar aos/ás aspirantes que as probas efectuaranse en chamamento único, quedando excluídos os/as aspirantes que non concorran. Deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento equivalente acreditativo de identidade, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas. Os sucesivos anuncios publicaranse exclusivamente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, nos lugares onde se celebren as probas e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO

### EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO

Apelidos e Nome:	DNI:
Domicilio:	Telefono:
Domicilio a efectos de notificación:	Telefono:

#### MANIFESTA:

Que tendo sido excluído dos procesos selectivos convocados para a provisión da praza de pertencente as Ofertas Publicas de Emprego dos anos 2014, 2015 e 2016, polo motivo (marcar) SOLICITA a súa admisión.

#### CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

- (1) Por falta de sinatura da solicitude de admisión ás correspondentes probas selectivas.
  - (2) Por non acreditación da identidade mediante copia simple do DNI/NIE.
  - (3) Por non acreditar ou, a lo menos, manifestar estar en posesión dos permisos de conducir C+E, solicitados na Base IV das Específicas da convocatoria de Conductor/a-Bombeiro/a, ou caducidade do dito permiso.
  - (4) Por non presentar declaración xurada tal e como especifican as bases da convocatoria.
  - (5) Por non cumprir coa condición de persoal municipal ao servizo da Corporación, equiparado o subgrupo E de titulación, que cumpra cos requisitos sinalados na base 12ª das xerais conformidade co baremo previsto nas bases xerais desta convocatoria.
- por verificar a
- e de

Vigo, de de 2018

O/A INTERESADO/A  
(Apelidos e nome)

#### **9(962).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE DE "MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE XESTIÓN DOS TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 2003/330.**

Dáse conta do informe-proposta do 29/08/18, asinado pola técnica de Administración xeral e pola xefa do Servizo de Contratación e conformado polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)





## Concello de Vigo

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPA)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da prestación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio Municipal da Casa do Concello (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto da prestación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio Municipal da Casa do Concello (PPT)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 3 de agosto de 2017 acordou (expte. 1.165-330):

*“Adxudicar a SOLIMUSIC EVENTS, S.L, o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello, coas seguintes condicións:*

- *Propón unha redución porcentual dos prezos unitarios previstos no apartado 3.G da FEC de 28,22%*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Segundo.-** Con data 8 de agosto de 2017, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U cun prazo de execución de un ano natural sendo a data de inicio o 1 de setembro de 2017 (cláusula 4) .

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno local con data 5 de abril de 2018 acordou (expte 1808-330) a prórroga do citado contrato dende o 1 de setembro de 2018 ao 30 de agosto de 2019.

**Cuarto.-** O importe anual de adxudicación do contrato ascende a 64.871,97 € IVE incluído, cuns prezos unitarios de:

- Xefe/a de sala: 18, 74 € IVE incluído

- Técnico/a de control de equipos audiovisuais /ordenanza-porteiro/a: 15,77 € IVE incluído
- Auxiliar de sala: 15,77 €, IVE incluído

**Quinto.-** A cláusula 16 das FEC do PCAP contempla a posibilidade de modificar o contrato. Concretamente, prevé a posibilidade de modificar o número total de horas de prestación do servizo, ata un máximo do 20% do prezo de adxudicación, motivada por posibles incrementos ou diminucións nas actividades previstas.

**Sexto.-** As horas previstas inicialmente no prezo de adxudicación ascendían a 1.290 horas por posto/ano, para unha previsión de 215 actividades e 6 horas/actividade.

**Sétimo.-** No entanto, segundo se indica no informe emitido polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural de data 19 de xuño de 2018, *“a actual previsión de ocupación e utilización do Auditorio Municipal do Concello para o ano de prórroga (setembro 2017-agosto 2018) aprobado pola Xunta de Goberno local, supón un incremento de 40 actividades respecto ao indicado no punto anterior, de forma que ascendería a un total de 255.*

*Esta situación supón que o número de horas necesarias por cada un dos postos detallados non sexa suficiente, xa que se incrementarían en 240 horas por posto (40 actividades x 6 h)”.*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**I.** De acordo coa disposición transitoria primeira, apartado 2 da nova Lei de contratos do sector público *“Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei rexeranse, en cuanto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior”;* isto é, polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

**II.** A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas. Así evítanse conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da



## Concello de Vigo

contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos nos que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que teña que seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- *“Posibles incrementos ou diminucións nas actividades previstas”*

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- *“O número total de horas de prestación do servizo”*

Se ben se establece como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

Non se fixan no PCAP especialidades no procedemento a seguir en caso de modificación,

A modificación obxecto deste informe vén motivada por un incremento das actividades do Auditorio, que pasan de 215 a 255, segundo se indica no informe emitido polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural de data 19 de xuño de 2018:

*“6.- As horas previstas inicialmente no prezo de adxudicación ascendían a 1.290 horas por posto/ano, para unha previsión de 215 actividades e 6 horas/actividade.*

*“7.- Sen embargo, a actual previsión de ocupación e utilización do Auditorio Municipal do Concello para o ano de prórroga (setembro 2017-agosto 2018) aprobado pola Xunta de Goberno Local, supón un incremento de 40 actividades respecto ao indicado no punto anterior, de forma que ascendería a un total de 255.*

*Esta situación supón que o número de horas necesarias por cada un dos postos detallados non sexa suficiente, xa que se incrementarían en 240 horas por posto (40 actividades x 6 h).*

8.- Por todo o indicado, faise necesaria a modificación do prezo do contrato, mediante o incremento do seu importe anual en **12.067,20 €**, o que supón un **18,60%**, que se distribuirían orzamentariamente según o seguinte:

\* Ano 2018 (1 de setembro ao 31 de decembro): incremento de 12 actividades x 6 h/posto = 72 horas x posto

- Xefe/a de sala: 72 horas x 18,74 € = 1.349,28 €
- Técnico/a de control de equipos audiovisuais /ordenanza-porteiro/a: 72 h x 15,77 € = 2.270,88 €
- Auxiliar de sala: 72 h x 15,77 € = 2.270,88 €

**TOTAL: 3.620,16 €**

\* Ano 2019 (1 de xaneiro ao 30 de agosto): incremento de 28 actividades x 6 h/posto = 168 horas x posto

- Xefe/a de sala: 168 horas x 18,74 € = 3.148,32 €
- Técnico/a de control de equipos audiovisuais /ordenanza-porteiro/a: 168 h x 15,77 € = 2.649,36 €
- Auxiliar de sala: 168 h x 15,77 € = 2.649,36 €

**TOTAL: 8.447,04 €"**

En definitiva, a modificación proposta afecta ao número de horas de prestación do servizo motivado por un incremento das actividades e alcanza o 18,60% do prezo do contrato, atopándose dentro dos aspectos a modificar, circunstancias e límite da porcentaxe máxima de modificación do contrato (20%) previstos no apartado 16 das FEC do PCAP.

III. A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros.



## Concello de Vigo

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: prestar os servizos necesarios para o funcionamento do Auditorio Municipal, cuxas actividades se viron incrementadas. Os municipios poden asumir competencias en materia de “*Promoción da cultura e equipamentos culturais*” (artigos 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Nesta liña, e tal e como se desprende do citado informe do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (“*incremento do seu importe anual en 12.067,20 €*”), a Administración compensará ao contratista pola modificación proposta no que reste do período contractual.

Unha vez evacuado o trámite de audiencia, formularase proposta sobre esta modificación ao órgano de contratación. O acordo de modificación poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 TRLCSP (artigo 219 TRLCSP).

**IV.** O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. En consecuencia, unha vez adoptado este, deberá notificarse ao contratista para estes efectos, para que proceda ao seu reaxuste con carácter previo á formalización da modificación.

**V.** Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, por ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

**VI.** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte ACORDO:

“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato de servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio Municipal da Casa do Concello nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural de data 19 de xuño de 2018, que consistirán nun incremento de 40 actividades respecto das 215 actividades iniciais, ascendendo a un total de 255 actividades, o que supón un incremento das horas necesarias por cada un dos postos, que se incrementarán en 240 horas por posto (40 actividades x 6 h).

2º.- A modificación representa un 18,60% do prezo primitivo do contrato, supoñendo un incremento do seu importe anual en 12.067,20 euros, que se distribuirían orzamentariamente segundo o indicado no informe do do Servizo de Xestión e Promoción Cultural de data 19 de xuño de 2018:

\* Ano 2018 (1 de setembro ao 31 de decembro): incremento de 12 actividades x 6 h/posto = 72 horas x posto

- Xefe/a de sala: 72 horas x 18,74 € = 1.349,28 €
- Técnico/a de control de equipos audiovisuais /ordenanza-porteiro/a: 72 h x 15,77 € = 2.270,88 €
- Auxiliar de sala: 72 h x 15,77 € = 2.270,88 €

TOTAL: 3.620,16 €

\* Ano 2019 (1 de xaneiro ao 30 de agosto): incremento de 28 actividades x 6 h/posto = 168 horas x posto

- Xefe/a de sala: 168 horas x 18,74 € = 3.148,32 €
- Técnico/a de control de equipos audiovisuais /ordenanza-porteiro/a: 168 h x 15,77 € = 2.649,36 €
- Auxiliar de sala: 168 h x 15,77 € = 2.649,36 €

TOTAL: 8.447,04 €”

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Dar audiencia a SOLIMUSIC EVENTS, S.L., por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan.

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta e nove minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez